



NOVAS PENZOL

Número 21 - xuño de 2019

ÁLVARO CUNQUEIRO: O MEIGO DAS PRIMAVERAS

Álvaro Cunqueiro Mora (Mondoñedo, 1911 – Vigo, 1981) é un escritor fundamental na literatura galega e española do século XX. A súa obra abarcou todos os xéneros literarios e en todos aportou pezas mestras.

No ano 2018, o seu fillo César Cunqueiro González-Seco fixo na Fundación Penzol unha importante entrega de materiais de arquivo de e sobre Álvaro Cunqueiro, formalizándose a doazón nun acto público celebrado o 28 de febreiro de 2019.

Na introdución do libro da correspondencia habida entre Álvaro Cunqueiro e Alberto Casal, *Saiban cantos estas cartas viren...*, Luís Cochón fala do escaso afán de Cunqueiro por gardar ou acumular: “Pródigo de máis, foise quedando só con aquilo que lle portiña de vez”. Estes materiais adquiren, polo tanto, un meirande valor.



Neste número de Novas Penzol queremos dar a coñecer este fondo documental, así como os importantes e abondosos materiais de arquivo que xa figuraban nos fondos Otero Pedrayo e Ramón Piñeiro e no Arquivo Francisco Fernández del Riego. Noutro número abordaremos os fondos bibliográficos de e sobre AC, tratando de aportar unha breve e significativa selección dunha documentación fundamental para o coñecemento e o estudo da obra e a figura de Álvaro Cunqueiro, o meigo que nos fixo soñar miles de primaveras.

Agradezo a colaboración do persoal da Fundación Penzol na elaboración deste boletín.

Silvestre Gómez Xurxo
Responsábel de Novas Penzol

ARQUIVO DA FUNDACIÓN PENZOL



ÁLVARO CUNQUEIRO materiais de arquivo

FONDO ÁLVARO CUNQUEIRO MORA

O fondo documental Alvaro Cunqueiro Mora foi entregado por César Cunqueiro González-Seco na Fundación Penzol o día 22 de xaneiro de 2018 e a súa formalización como doazón realizouse o 28 de febreiro de 2019. O conxunto é resultado da suma de documentos conservados e acumulados por Álvaro Cunqueiro e achegas posteriores do seu fillo César. Estas últimas forman unha colección que ten como materia principal a figura de Álvaro Cunqueiro.



CORRESPONDENCIA. Referencia: Caixa-1 e Caixa-2

A correspondencia deste fondo está formada por 240 cartas con Álvaro Cunqueiro como destinatario, de 93 remitentes identificados, máis 8 cartas de remitentes sen identificar. Tamén contén 38 fotocopias de respostas de Cunqueiro ás cartas de Alberto Casal Rivas.

As datas extremas das cartas datadas son os anos 1930 e 1981.

Pola cantidade, podemos destacar a correspondencia de súa irmá Carmen e seu irmán Hernán José Cunqueiro Mora, con 38; a de Alberto Casal Rivas, 17 cartas; a de Francisco Fernández del Riego, 11 cartas; a de Josef Kostohryz, 27 (incluíndo 8 cartas dirixidas a César Cunqueiro); Miguel González Garcés, 5 cartas; e con 4 cartas aparecen na relación de remitentes Jesús Evaristo Casariego Fernández, Dionisio Gamallo Fierros e Isidoro Millán González-Pardo. De 71 dos 93 remitentes soamente hai unha ou dúas cartas.

O tema máis presente nesta correspondencia é a literatura, tanto o propio traballo literario de Cunqueiro coma comentarios sobre a literatura en xeral.




Á esquerda carta de Eduardo Moreiras a AC, do 30/07/1949. Á dereita carta de R. Carballo Calero a AC, do 21/06/1935.

DOCUMENTOS INDIVIDUAIS. Referencia: Caixa-3

A maioría destes documentos son recortes de prensa sobre Álvaro Cunqueiro, parte deles posteriores ao seu pasamento.


Tamén contén documentos de identificación e afiliación, como pasaportes, folla de mobilización militar, tarxeta da Seguridade Social, DNI, escritura pública de licenza marital, o texto *Enchantada en Mondoñedo*, impreso con versos e ilustracións dedicados a Álvaro Cunqueiro e realizadas por Casariego Fernández, etc.



PREMIOS, HOMENAXES E CONMEMORACIÓNS. Referencia: Caixa-4

Formado por cartas, folletos, diplomas relacionados coa concesión de premios, homenaxes ou conmemoracións a Álvaro Cunqueiro. Por exemplo:

- Congreso Álvaro Cunqueiro. Mondoñedo 9-13 setembro de 1991.
- Congreso Álvaro Cunqueiro organizado pola AGAL. Compostela, 28 feb., 1 e 2 mar., 1991.
- Relación nominal de persoas e entidades que contribuíron á adquisición da Medalla de Ouro de Mondoñedo concedida a AC.
- Certificación do Concello de Mondoñedo (19/12/1972) coa concesión da Medalla de Ouro.
- Pedrón de Ouro de 1980.
- Carteis do Ano Cunqueiro, sobre a súa obra e o Centenario do seu nacemento.





DOCUMENTOS CIENTÍFICOS E LITERARIOS

Manuscritos. Referencia: Caixa-5

-Poemas soltos: datados entre 1930 e 1950 aproximadamente. Inclúe debuxos e apuntamentos da etapa de estudante.

-Caderno *Notas: Apuntes-fechas-datas*: A primeira anotación é de 1928. O caderno iníciase como estudante universitario continuando -polo contido das anotacións e poemas- probabelmente ata as décadas de 1940-1950.

-Notas, poemas e relatos incompletos: follas soltas con poemas, fragmentos de texto ou relatos inacabados. Inclúe *Meu cartafol de primavera* e o orixinal mecanografado de *Calma en las almas* e outros proxectos de obras. Figuran tamén varias fotocopias de portadas de obras de Cunqueiro coa dedicatoria do autor .



Discursos e conferencias. Contén 6 textos, todos mecanografados. Entre eles:

- Discurso dos Xogos Florais de Pontevedra,
- Conferencia sobre Boccaccio en Vigo,
- Conferencia sobre o Bimilenario da fundación de Lugo (25/10/1975).
- Conferencia “O galego nas súas maxias”.


-*Las mocedades de Ulises*: texto mecanografado con correccións autógrafas.

-*Si o vello Sinbad volvese ás illas...*: versión entregada á censura co cuño da Inspección de Libros.

Texto mecanografado con algunhas correccións autógrafas.

-Textos para colaboracións radiofónicas: contén 21 guións mecanografados de *Cada día tiene su historia*, emitidos entre 1955 e 1958. Tamén figuran fotocopias dos guións de *Galicia* e a adaptación realizada para radio de *Sueño de una noche de San Juan*.

-Materiais de presentación da súa obra: folletos, textos, publicidade, críticas e comentarios. Inclúe proxectos para a posta en escena de *O incerto señor Don Hamlet*. Boa parte corresponden a presentacións e publicacións posteriores ao pasamento de AC.



Copia de *Si o vello Sinbad volvese ás illas* co carimbo da censura

Impresos. Referencia: Caixa-6

-Contén impresos orixinais e fotocopias, na súa maioría corresponden a artigos de prensa publicados por AC.

Entre os artigos fotocopiados figuran compilacións posteriores á morte do autor dos publicados na revista *Catolicismo*, en *Santo y Seña*, *Jano*, *Vértice*, *Grial*, *ABC* ou *Finisterre*.

Tamén figuran fotocopias con traducións de poemas realizadas por Cunqueiro, que nalgúns casos acompañan a transcripción mecanografada.

-Folleto con poemas: *Follas do vrán en louvor das damas do tempo pasado*, con dedicatoria autógrafa a Carmaña, debuxo e sinatura de Cunqueiro.

DOCUMENTOS PERSOAIS. Referencia: Caixa-7

Estudos e formación académica


-Contén o título de bacharel, fragmentos do carné de estudante en Filosofía e Letras, notas académicas e certificado parroquial para solicitar axudas nos estudos. Inclúe fotocopias do expediente académico de AC na USC.

Documentos familiares

Formado por recordatorios de pasamentos, certificación parroquial do nacemento de Carmen Cunqueiro, documentos xenealóxicos e correspondencia dirixida a Carmen e Hernán José Cunqueiro Mora, Elvira González-Seco e/ou familia Cunqueiro, en varios casos posterior ao pasamento de Álvaro Cunqueiro. Figuran como remitentes José García Ron, Dolores Ferreirós, Dalmiro de la Válgoma, Ángel García Sanz, José Trapero Pardo, Francisco Fierro Sedano e Emilio Pérez Touriño.

Documentos de función

-Actividade política: Carta Orgánica Provisional da Esquerda R. Galega (Seizón de Mondoñedo), formada por unha convocatoria e unhas bases realizadas por Álvaro Cunqueiro en 1931. A convocatoria figura asinada por 17 persoas entre as que figura Cunqueiro.



-Actividade profesional como xornalista: catro carnés de xornalista.

-Actividade sociocultural e membro de entidades socioculturais: folletos sobre a participación de Cunqueiro en actos socioculturais, carnés de sociedades (Casa de Galicia, AELG, Club de la Buena Mesa) e unha carta notificando o seu nomeamento como membro de The Hispanic Society of América.

Coleccións

Contén: un sobre cunha folla recollida en Elsinor, escrito por Cunqueiro e asinado por Obiols e Nestor Luján; recortes de prensa; un exemplar do xornal Justicia de Mondoñedo; e 7 copias e orixinais de correspondencia allea, nalgún caso relacionada coa organización de homenaxes a AC.

César Cunqueiro

-Contén traballos de César Cunqueiro (dous artigos impresos, outro escrito a ordenador e un limiar tamén escrito a ordenador).

-Unha entrevista en relación a Álvaro Cunqueiro.

-Transcrición dunha conferencia de Antón Meilán con adicatoria do autor.

-Correspondencia (Pere Meroño, Víctor Moro, Alberto Casal, Rosina Otero, José Aldea e unha nota de remitente descoñecido).

-Carta de Isidoro Millan sobre o envío dos antecedentes da liñaxe Mariño de Lobeira. Copia mecanografada de *Mariño de Lobeira* de Dalmiro de la Válgoma, dedicada a AC.

FOTOGRAFÍAS

Referencia: Caixa-8

Contén 145 fotografías.

Moitas fotografías son individuais e outras con personaxes como Josep Pla, cos membros da RAG e outras tomadas con ocasión de ser nomeado Dr. Honoris Causa pola USC no 1980.





Álvaro Cunqueiro cos membros da Real Academia Galega

Referencia: Caixa-9

Contén 287 fotografías e 48 tarxetas postais, principalmente paisaxes de Mondoñedo.

Referencia: Caixa-10

Contén 359 fotografías de paisaxes, animais e outras instantáneas curiosas, probabelmente copias de fotos publicadas en Faro de Vigo, sendo el director.

PUBLICACIÓNS. Referencia: Caixa-11

Separatas de varios autores sobre Álvaro Cunqueiro.

OUTROS MATERIAIS. Referencia: Cartafol-1 e Cartafol-2

Cartafol 1

Contén diplomas e documentación de gran formato. Inclúe nomeamentos (Cabaleiro da Orde do Albariño, Cabaleiro Hospitalario, Socio de honra do Centro Vigués,...); recoñecementos e premios (título de Dr. Honoris Causa, medalla do mérito turístico, primeiro premio no certame literario do viño,...); título de farmacéutico de Joaquín Cunqueiro e Montenegro; e debuxos (debuxo dun anuncio dunha conferencia de Cunqueiro, unha acuarela co retrato de Álvaro Cunqueiro, abstracto sobre anaco de papel; debuxo de Álvaro Cunqueiro por Maside e reprodución dunha caricatura de Castroviejo e Cunqueiro por Padín e Siro).


Cartafol 2

-Álbum sobre o que figuran adheridas cartas, telegramas recortes de prensa e fotografías. A correspondencia (24 telegramas e cartas) está fundamentalmente relacionada coas adhesións a diversas homenaxes que se lle tributaron ao escritor.

-Fotografías (20 unidades)

-Figuran tamén invitacións a conferencias de Cunqueiro en Caracas.

-Caderno manuscrito de Elvira González-Seco Seoane con receitas de cociña en francés e castelán. É o material orixinal sobre o que se basea o libro: González-Seco Seoane, Elvira: *A cociña dos Cunqueiro*; limiar, César Cunqueiro; edición e introdución, Miguel Vila Pernas. Vigo: Galaxia, 2013.



FONDO OTERO PEDRAYO

Sign.: CA-639/45 (1) e (2). CA-606/81; FOT 0004/13 e 14.


Este fondo contén a correspondencia de AC a Otero Pedrayo e 2 fotografías.

Está formada por 13 cartas e 1 tarxeta.

A maioría están sen datar. As datadas van de 1936 a 1959.



Están escritas en galego, agás unha de 1937.

Tratan fundamentalmente de literatura, dos proxectos literarios de AC, de colaboracións en prensa, etc. Nun caso mándalle dous poemas escrito en catalán para a revista *Quadernos*. Tamén lle pide que non faga nada para que o proponían como académico da RAG.



Orixinais de AC. Sign.: CA-321/17

Contén 2 pezas de AC, destacando o poema manuscrito *Sinto axe chover* (1935).



Correspondencia. Sign.: CA-256/004

Formada por 14 pezas. As datadas van de 195? a 1971.

-As publicacións de AC en Galaxia son o tema central desta correspondencia. Vai dando conta do estado das distintas obras: "O Merlín está rematado..."; "Estou rematando o Sinbad..."; "I agora estanme copiando o Sinbad"; "Xa mandei probas corrixidas de *Menciñeiros*", ...

-Tamén fai comentarios sobre a literatura galega e sobre o que el pode aportar. Considera que pode aportar algo orixinal, mais non dispón do tempo necesario para facelo.

ARQUIVO FERNÁNDEZ DEL RIEGO




ÁLVARO CUNQUEIRO
materiais de arquivo

CORRESPONDENCIA. Sign.: FR-CA-008/023.

Formada polos orixinais de 81 cartas, tarxetas e telegramas de AC a FFR, escrita en galego, tanto manuscrita coma mecanografada.

As datas extremas son 1931-1980, aínda que moita da correspondencia non leva data.

O tema central desta correspondencia xira arredor das publicacións de Cunqueiro en Galaxia: aportar ou solicitar información sobre a situación do proceso de publicación das distintas obras, intercambio de artigos, etc.



PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO DE TEXTOS TEATRAIS. Sign.: FR-CA-127/007.

Fotocopia do Diario Oficial de Galicia do 10/09/1987 coa Orde de creación do Premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais.

Documentación do Xurado do Primeiro Premio AC de textos teatrais, 1988.

TEATRO VENATORIO E COQUINARIO GALLEGO. Sign.: FR-CA-124/004.

Dossier de Prensa sobre *Teatro Venatorio y Coquinario Gallego* (2005).

EXPEDIENTES DE INHABILITACIÓN E REHABILITACIÓN DE AC COMO XORNALISTA. Sign.: FR-CA-217/001 e 217/002.

Fotocopias do expediente de inhabilitación de AC como xornalista (05/11/1941 – 31/12/1946).

Fotocopias de expediente de rehabilitación de AC como xornalista (16/01/1962 – 12/07/1969).

ACTOS ACADÉMICOS, HOMENAXES. Sign.: FR-CA-217/003.

Documentación datada entre 1966 e 2004. Inclúe actos académicos, conferencias, congresos e homenaxes.

Por exemplo:

Discurso de investidura como Dr. Honoris Causa da USC.

Folleto do Centro Dramático Galego da representación da obra *A noite vai coma un río*.

TRABALLOS SOBRE AC. Sign.: FR-CA-217/004.

Documentación datada entre 1969 e 1999.

Contén copia mecanografada dun traballo de Xosé Doval Liz, especialista na obra de Cunqueiro.

Fotocopias de traballos de Anxo Tarrío e Alberto C. López.

Manuscrito cun poema de R. Taboada Montoto: *Cantiga alba a Álvaro Cunqueiro*.

Manuscrito de Joaquim de Montezuma de Carvalho sobre AC (1999).

ENTREVISTAS A CUNQUEIRO. Sign: FR-CA-217/005.

Documentación datada entre 1969 e 2003.

Contén 5 pezas de entrevistas a AC na prensa.

CUNQUEIRO NA PRENSA

Documentación datada entre 1950 e 1969. Sign.: FR-CA-217/006.

Contén retallos de prensa sobre AC.

Unha carpeta sobre Cunqueiro na RAG (16/04/1963 – 04/05/1963).

Documentación datada entre 1970 e 2007. Sign.: FR-CA-218.

Contén grande cantidade de retallos de prensa sobre AC.

MANUSCRITOS E TRABALLOS DE AC. Sign.: FR-CA-219.

Documentación datada entre 1933 e 1981.

Entre outros documentos, contén:

-Manuscrito de *Xan, o bo conspirador*.

-*El forastero de las dos capas*.

-Mecanografado de traducións de AC.

-Borrador de textos sobre Astroloxía.

-Discurso de presentación de Valentín Paz-Andrade na RAG (1978).

-Traballos de AC impresos en folletos (1949-1990).

-Álbumes coas coleccións de artigos de AC *De mi país* e *El pasajero en Galicia*.

-Copia das colaboracións en *Sábado Gráfico* (1964-1981).

ARTIGOS

Colaboracións de AC na prensa entre 1933 e 1981. Sign.: FR-CA-220.

- 1933-1981: artigos soltos.
- 1934-1937: colaboracións en *El Pueblo Gallego*.
- 1953: colaboracións en *Informaciones*.
- 1954-1955: artigos en *Faro de Vigo*: Las crónicas; artigos en *La Voz de Galicia*: Tiempo presente.
- 1957: *La Voz de Galicia*: El mundo y su sombra.
- 1957-1959: *La Voz de Galicia*: Una ventana.
- 1962-1964: *Faro de Vigo*: Por el camino de las peregrinaciones; Camino de Santiago; Viaje a Bretaña.

Colaboracións en prensa entre 1947 e 1982. Sign.: FR-CA-221.

- 1947-1959: artigos en *Faro de Vigo*: Retratos y paisajes.
- 1951-1954: artigos en *La Voz de Galicia*: Retratos imaginarios.
- 1957-1982: colaboracións en *La Noche*: Los días.
- 1957-1961: artigos en *El Progreso*: Estos tiempos.
- 1961-1979: en *Faro de Vigo*. El envés.
- 1972-1975: en *Hoja del Lunes*: Ir y venir.